



Concello do Carballiño

## APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE ASOCIACIÓN CULTURAL COMISION DE FESTAS SETEMBRO 2008 E O CONCELLO DO CARBALLIÑO

D. Francisco José Fumega Piñeiro, en calidade de alcalde do Concello do Carballiño, no uso das atribucións conferidas no art. 61.1. g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo (DOG núm. 149 de 5 de agosto de 1997) Reguladora da Administración Local de Galicia, e en relación co disposto na Base 31ª e 32ª de execución do vixente orzamento de gastos deste concello,

Vista a Proposta da Concelleira de Turismo do Concello do Carballiño xunto coa documentación que consta no expediente núm. 7016/2024 de subvencións nominativas da Área de Turismo para 2024, en relación á entidade ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008 para financiar os gastos organización das actividades relacionadas coas festas patronais de San Cibrán - setembro 2024, e vistos tamén os informes de Secretaría e Intervención ao efecto.

Tendo en conta que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo o disposto na Ordenanza en vigor reguladora de subvención do Concello do Carballiño, non tendo previsto en breve convocatoria de Xunta de Goberno Local, e derivada da urxencia na aprobación gasto para poder continuar coa tramitación do expediente e que se poidan cumprir os prazos, e segundo o disposto no artigo 10 sobre advocación de competencias, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público,

### RESOLVO:

1. Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto en concreto.
2. Aprobar o convenio regulador entre o **Concello do Carballiño** e **ASOCIACIÓN CULTURAL COMISION DE FESTAS SETEMBRO 2008**, para “**ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA AS FESTAS PATRONAIS DE SAN CIBRAO - SETEMBRO 2024**”, segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	CIF	Importe
338.11.480.01	ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS SETEMBRO 2008	G054 4705 7	3 3 . 0 0 0 0 0 0 €

3. Autorizar e recoñecer o gasto, e ordenar á Intervención súa contabilización con cargo a aplicación orzamentaria correspondente, e, unha vez asinado o convenio, a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS).
4. Ordenar á Tesourería que proceda ao pago do **100%** de anticipo da subvención por un importe de **33.000,00 €**.





**Concello do Carballiño**

Decreta, manda e asina o alcalde, e a secretaria dá fe pública.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

